


MOV-S Galicia 2008

**Espazo para o Intercambio Internacional da
Danza e as Artes do Movemento**



15, 16, 17 e 18 de xuño de 2008

Illa de San Simón (Ría de Vigo)

INFORMACIÓN SOBRE O MOV-S

mov-s, espazo para o intercambio internacional da danza e as artes do movemento, celebra este ano a súa segunda edición na Illa de San Simón (Ría de Vigo), do 15 ao 18 de xuño de 2008, co obxectivo de construír vías naturais de unión, encontro e colaboración entre os artistas e profesionais da danza e artes do movemento.

Con máis de 20 ponencias, 13 propostas artísticas, 2 mesas de debate e múltiples grupos de traballo idóneos para o intercambio de opinións e experiencias, o Centro Coreográfico Galego e o Mercat de les Flors de Barcelona, organizan o encontro que este ano terá lugar na Illa de San Simón. As illas de San Simón e Santo Antonio constituén un fito paisaxístico no fondo da ría de Vigo que, ademais, gracias á súa situación estratéxica, gardan relación con algúns dos máis importantes episodios e personaxes da historia de Galicia.

Para esta próxima edición, as actividades enmarcadas no encontro do mov-s xirarán arredor de ‘as condicións para a creación coreográfica’. Mov-s Galicia 08 plantexará preguntas e tratará de responder a maioría. Ademais, o encontro buscará identificar as condicións óptimas para que o proceso de creación se inicie con garantías de calidade e innovación. Con este fin, mov-s propón dúas mesas de debate e unha serie de grupos de traballo relacionados coas mesmas, máis íntimos e próximos, que faciliten o intercambio de opinións e experiencias.

Por outra parte, é de destacar a presenza, neste mov-s 2008, de persoas relacionadas co desenvolvemento da danza en Flandes, que supoñen un referente histórico internacional susceptible de aportar as ensinanzas oportunas para o conxunto da danza. Por último, mov-s tamén dedicará unha mirada especial á danza en Portugal e Brasil, países que, pola súa proximidade física e cultural, permiten establecer paralelismos con España.

mov-s é unha iniciativa do Mercat de les Flors de Barcelona que ten vocación de ser itinerante por toda España. mov-s celébrase anualmente, un ano no Mercat de les Flors e ao seguinte noutra cidade ou rexión española. Este ano 2008, mov-s terá lugar en Galicia e estará organizado en colaboración co Centro Coreográfico Galego.

MERCAT DE LES FLORS

Despois de máis de vinte anos de historia, o teatro público do Mercat de les Flors de Barcelona inicia un novo período que o levará a converterse no Centro para as Artes do Movemento, nun proxecto conxunto organizado polo Concello de Barcelona, a Generalitat de Cataluña e o Ministerio de Cultura. O obxectivo do proxecto é o de lograr que o Mercat se convirta nun punto de referencia para todas as disciplinas artísticas relacionadas co movemento, principalmente a danza, aínda que tamén o teatro visual e xestual, o circo, etc. Dende xuño de 2007, a nova estrutura fíxose realidade e o Mercat de les Flors ten un novo marco organizativo.

Ademais de ser un importante lugar de reunión que alberga actuacións de compañías nacionais e internacionais, a nova liña de actuación do Mercat representa un gran compromiso para o apoio, promoción e fomento de novas iniciativas. Deste xeito, estableceranse as dinámicas necesarias para reafirmar a creatividade dos nosos artistas e aumentar as súas posibilidades no estranxeiro.

A intención do Mercat de les Flors é a de ofrecer un programa plural que represente diferentes momentos do proceso creativo e tamén diversas concepcións da danza. Tendo en conta este aspecto, o Mercat acolle dende compañías internacionais completamente establecidas até producións locais, pasando por programar a prometedores coreógrafos que están abríndose camiño no estranxeiro. Naturalmente, o centro tamén téñen un compromiso coa programación de compañías nacionais.

Situado na Ciutat del Teatro, o edificio do Mercat de les Flors foi construído para a Exposición Universal de 1929 e reobre as súas portas como recinto público en 1985 coa estrea de Mahabharata, de Peter Brook. A cúpula, do artista Miquel Barceló, é unha das maiores atraccións do Mercat, xunto coa Sala Maria Aurèlia Capmany, un espazo apto para os espectáculos máis variados.



CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

O Centro Coreográfico Galego é un centro de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galicia. Un núcleo de diálogo e de interacción cultural, un espazo no que as principais linguaxes artísticas teñen cabida para enriquecer e favorecer o desenvolvemento da danza. O CCG ten como principal obxectivo fomentar a interacción entre os artistas e o público achegando a arte á cidadanía dun xeito normalizado.

O Centro Coreográfico Galego orienta o seu traballo a diferentes públicos: artistas profesionais, espazos de programación, intermediarios culturais e cidadáns. En canto aos profesionais da danza, apoiar a creación artística, a investigación e a formación, descentralizar accións e tender pontes entre proxectos e institucións, contribuíndo ao encontro da danza con outras disciplinas artísticas, son as principais vías de traballo. No referente ao público desenvolve accións de sensibilización cara a danza e traballa para colocar esta arte no centro da vida cultural galega.

O CCG creouse no 2006 e iniciou a súa actividade coa produción ‘Vacuo’, dirixida pola coreógrafa galega Maruxa Salas, ademais nesa primeira tempada coproduciu ‘30.000’ coa compañía Pisando Ovos, e ‘Arte a Escena’ con Experimenta Danza, e apoiou dúas residencias artísticas: ‘Arder nun Hotel’ de Uxía P. Vaello e ‘Arándara’ con Merce de Rande e Henrique Peón. Desenvolveu ademais un completo programa de formación dirixido tanto a profesionais como a público.

Na súa segunda tempada produciu o espectáculo ‘Kiosco das almas perdidas’, dirixido polo coreógrafo catalán Roberto Oliván, coproduciu ‘Negro’ con Daniel Abreu, ‘Femenine’ con Paulo Ribeiro e ‘Tradición’ de Nova Galega de Danza, e apoia oito residencias artísticas: ‘Casualidades ... desencontros’ de Antón Coucheiro, ‘90 dB’ de Bárbara Bañuelos, ‘La danza del Cisce’ de Iker Gómez, ‘Some Things Happen all at once’ de Rosa Casado e Mike Brookes, ‘Alicia en Grusia Proyect’ de Estela Lloves, ‘Subidón, saldos de un bazar familiar’ de Félix Fernández e un proxecto de Maitè Delafin. Nestes momentos, traballa na que será a súa terceira produción propia, unha versión libre do ballet Giselle, dirixida por Cisco Aznar.

PROGRAMACIÓN

	Domingo 15	Luns 16	Martes 17	Mércores 18
MAÑÁ				
09:30 - 10:00		Inauguración		
10:00 - 11:30		Mesa 1	Mesa 2	Mesa 3 - Conclusións
11:30 - 12:00		Mesa 1	Pausa Café	Pausa Café
12:00 - 13:30		Grupos 1.1 - 1.2 - 1.3	Grupos 2.1 - 2.2 -2.3	Despedida
TARDE				
15:30 -16:30		Propostas artísticas	Propostas artísticas	Visitas estruturadas culturais galegas
16.30 - 17:00		Testimonios de artistas	Testimonios de artistas	
17.00 - 18:30	Presentación de Proxectos		Presentación de proxectos	
18:30 - 21:00	Propostas artísticas	Propostas artísticas		
NOITE				
21:00	Reunións paralelas		Cea	
22:30		Propostas artísticas	Festa	
Horario variable		Reunións paralelas	Reunións Paralelas	

MESAS DE DEBATE E GRUPOS DE TRABAJO

As mesas de debate son sesións plenarias onde se presentarán os temas principais de debate, que terán como punto de partida “as condicións para a creación coreográfica”. As mesas conterán un tema central e cada un dos participantes aportará un aspecto que se desenvolverá posteriormente nos grupos de traballo. Os grupos servirán para discutir en profundidade e nun ambiente de maior proximidade, os temas introducidos nas mesas. Os grupos estarán moderados por cada un dos integrantes das mesmas e contarán coa participación de tres convidados que aportarán tres visións ou experiencias diferenciadas unhas das outras.

Luns 16 de xuño

10.00h

Mesa de debate 1:

As condicións para a creación coreográfica: os fundamentos

A primeira mesa de debate abordará as ideas xerais e os fundamentos que permiten definir as condicións óptimas para que se produza a creación coreográfica.

Moderador:	Carles Sala, Instituto de Cultura de Barcelona (ICUB)	Barcelona
Relatores:	Rui Horta, O espaço do tempo	Portugal
	Christine Greiner, , Catholic University of São Paulo	Brasil
	Hugo de Greef, Flagey	Bélxica

Grupos de traballo:

1. O entorno e o acompañamento artístico

12.00h

Moderador:	Rui Horta, O espaço do tempo	Portugal
Relatores:	Oscar Dasi, La Porta	Barcelona
	Xesus Ron, Sala Nasa	Santiago de Compostela
	Maral Kakejian, La Casa Encendida	Madrid

Este primeiro grupo de traballo tratará as realidades que afectan á vida das persoas no seu entorno próximo e as que afectan nun mundo global, como elementos clave para que se produza unha resposta creativa: O artista non está só no mundo **nin** na súa comunidade. As realidades que afectan á vida das persoas no seu contorno próximo e as que lles afectan nun mundo global son elementos clave para que se produza unha resposta creativa. Doutra banda, o intercambio xeracional e a transmisión de

experiencias son básicos para que o artista novo poida desenvolverse con garantías. As axudas procedentes de mans máis expertas evita repetir erros e permite aproveitar os coñecementos das persoas cun amplo patrimonio creativo acumulado.

2. O coñecemento e o intercambio con outras culturas **12.00h**

Moderador:	Christine Greiner, Catholic University of São Paulo	Brasil
Ponentes:	Mateo Feijó, Laboral Escena)	Xixón
	José Laginha	Portugal
	- DeVIR/CAPa - Centro de Artes Performativas do Algarve	

Coñecer o que se fai noutros lugares do mundo xa é accesible no mundo globalizado. O coñecemento doutras culturas e a mestizaxe son elementos precisos para que a creatividade se desenvolva. A mobilidade artística, os intercambios ou as bolsas de estudo internacionais son elementos clave para estimular a curiosidade do artista por coñecer outros xeitos de facer, pensar, ou mesmo, sentir.

3. As complicitades artísticas e o fenómeno de Flandes **12.00h**

Moderador:	Hugo de Greef, Flagey	Bélxica
Ponentes:	Guy Gypens, Kaai Teater	Bélxica
	Salva Sanchis, Rosas	Bélxica
	Roxane Huildman, DCJ Werplaatsen	Bélxica
	Marisol Palomo, Musique Publique	Bélxica

O terceiro grupo de traballo da primeira mesa abordará as sinerxias que se producen entre artistas e organizacións como claves para o bo desenvolvemento da idea artística. Tamén o son os contornos creativos das cidades. ‘A confrontación de ideas, a circulación da información e as complicitades estimulan a labor do artista a ir máis lonxe. Viveiros, residencias artísticas ou barrios enteiros poden ser magníficos caldos de cultivo para asumir maiores riscos creativos’. Concretamente, os anos oitenta, nun pequeno país coma Flandes, déronse as complicitades precisas para que a danza se desenvolvese ata ser un referente mundial.

Martes 17 de xuño

10.00h

Mesa de debate 2:

As condicións para a creación coreográfica: os instrumentos

A segunda mesa abordará os recursos que temos ao noso alcance para estimular a creatividade coreográfica.

Moderador:	Guillermo Heras, Iberescena	Madrid
Relatores:	Medhi Idir, La Villette	Francia
	Pepe Sánchez, Universidad de Alcalá	Cuenca
	Frau Dr. Kerstin Evert, Zentrum Für Choreographie	Alemaña

Grupos de traballo:

1. As políticas culturais

12.00h

Moderador:	Frau Dr. Kerstin Evert, Zentrum Für Choreographie	Alemaña
Relatores:	Gil Mendo, Culturgest	Lisboa
	Hector Pose, Universidade de A Coruña	A Coruña
	Davide Terlingo, Arts Council of Ireland	Irlanda

Se os fondos públicos que os estados poñen a disposición dos artistas e organizacións son un elemento clave, non é menos certo que a consideración que os gobernos fan da creación contemporánea nas súas políticas culturais poden desvirtuar o emprego dos recursos. Situar ao artista no centro das políticas culturais e recoñecer a creación artística como posuidora do valor por si mesma son elementos que inflúen en que a creatividade se desenvolva. Comparar as políticas culturais de diferentes países dará unha idea de como estas inflúen no desenvolvemento da creación artística. Ademais, é instrutivo comparar as institucións sitas a distancia da lóxica do enfrontamento político, como os Consellos das Artes, coas institucións culturais que dependen directamente dos gobernos.

2. Estructuras facilitadoras da incubación da creatividade

12.00h

Moderador:	Medhi Idir, La Villette	Francia
Relatores:	Barbara Raes, Buda Kunstencentrum Kortijk	Bélxica
	Virve Sutinen, Dansens Hus Stockholm	Suecia
	Natalia Balseiro, Centro Coreográfico Galego	A Coruña

Como teñen que ser as organizacións e estruturas artísticas que permitan a incubación de ideas e proxectos anovadores? Que perfil deben ter os xestores dos equipamentos culturais para axudar e traballar co artista nos primeiros pasos de conceptualización e desenvolvemento dunha idea? Sen dúbida, e como conclusión dos temas abertos, algunha luz se abrirá para definir con maior precisión as características das organizacións e estruturas que han de traballar co artista para que a idea poida medrar e desenvolverse de xeito artístico.

3. A documentación e a memoria da danza

12.00h

Moderador:	Pepe Sánchez, Universidad de Alcalá	Cuenca
Relatores:	Nayse López, Idanca	Brasil
	Ixiar Rozas, Periferike	Bilbao
	Roberto Fratini, Cia. Caterina Sagna	Barcelona

As artes efémeras dispoñen de poucas oportunidades para manterse na nosa memoria. Polas características propias da danza, faise difícil o acceso ás creacións do pasado tanto como ás que se producen en lugares e culturas doutras partes do mundo. Actualmente as novas tecnoloxías de Internet permiten ir máis alá no coñecemento da realidade artística do mundo.

Mesa 3. Conclusións

O mércores, xornalistas especializados no mundo da danza e as artes do movemento presentarán as conclusións do mov-s 2008:

- Joaquim Noguero, Barcelona
- Mary Brady, Dublín (Irlanda)
- Omar Khan, Madrid
- Claudia Galhós (Portugal)

OUTRAS ACTIVIDADES DA PROGRAMACIÓN

1. Presentación de Proxectos

mov-s 2008 terá tamén un espazo adicado á presentación de actividades, programas, novas ideas, etc. das distintas organizacións, grupos artísticos, e institucións participantes. Os vigueses Roberto Taboada (festival ALT) e Pedro Fresneda (Sala Ensalle), a barcelonesa Montserrat Prat (Institut del Teatre) e a valenciana Mariví Martín (Festival VEO) moderarán un total de catro sesións que incluirán dez presentacións de 15 minutos de duración cada unha.

Sweet & Tenders: Antonio Pedro Lopes i Guilherme Garrido, Portugal
Victoria : Kristof Blom, Bélxica
Proyecto en la Gomera: Martín Padrón, La Gomera
Mugatxoan: Cristina Grande, Portugal
Flanders Dance Plan: Barbara Raes, Bélxica
Plataforma: Jordi Fondevila, Barcelona
Centro Párraga: Juan Nicolás, Murcia
Rumos -ITAÚ cultural-: Sonia Sobral, Brasil
Centros Creació Barcelona: Esteve Caramés, Barcelona
Proyecto Alg-A Lab: Roi Fernández e Nela Quesada, Galicia

2. Reunións paralelas

Mov-s impulsará a realización de reunións paralelas de organizacións, redes ou proxectos na Illa de San Simón. Entre outras, destaca a cita de IDEE (Intiatives in Dance Through European Exchange) na sala do hotel 'Rías Baixas', durante a mañá do domingo, 15 de xuño.

3. Espazo de encontro

Habilitarase un espazo para que as compañías ou outros proxectos artísticos poidan ter un contacto directo e persoal cos visitantes profesionais. Neste espazo poderán deixar o seu material promocional e empregar equipamento audiovisual para dar a coñecer o seu traballo.

4. Testimonios de artistas

Personalidades destacadas do panorama internacional da danza e das artes do movemento (Karene Lyngholm, Bertran Müller e John Ashford, entre outros) entrevistarán aos impulsores das propostas artísticas presentadas aol mov-s 2008: Ana Vallés, Roberto Oliván, Estela Lloves e Marcos Regueiro.

5. Propostas Artísticas

A programación do Mov-s Galicia 2008 pretende dar a coñecer o universo da creación contemporánea dos artistas galegos no eido da danza e artes do movemento, presentando espectáculos tanto das compañías máis consolidadas coma dos novos creadores. Con esta programación o Mov-s Galicia 2008 apoia a iniciativa do CCG de servir de plataforma para a nova creación contemporánea en Galicia

Esta programación estrutúrase en dous bloques:

Un primeiro bloque no que se amosan espectáculos de sala xa estreados, que se presentarán no Teatro Principal e no Pazo da Cultura de Pontevedra: a última produción do Centro Coreográfico Galego ‘Kiosco das almas perdidas’ dirixido polo coreógrafo catalán Roberto Oliván, ‘30.000’ unha produción da compañía Pisando Ovos en coprodución co CCG e ‘Cascuda’ da compañía Diego Anido en coprodución co Centro Dramático Galego.

O segundo bloque formado por unha serie de propostas abertas de novos creadores galegos, que se presentarán nos exteriores e na capela da Illa de San Simón. Con esta programación o MOV-S , propón un diálogo entre o creador e a propia Illa de San Simón, a través de pezas concebidas especificamente para este espazo, como ‘Entre polvo y gusanos’ de Marco Regueiro (Cia. Lucier) ou ‘Ecdisis’ -creación do CCG para Mov-s Galicia 08 dirixida por Erick Jiménez-, ou ben mediante a adaptación aos espazos da illa de traballos xa creados, como ‘Play’ -de Uxia P. Vaello e Borja Fernández- ou “Hoxe, na rúa...” da coreógrafa Estela Lloves

As propostas artísticas pecharanse o martes 17 cun serán, un encontro coas raíces da danza e música galegas, onde convivirán dúas xeracións compartindo a rica tradición galega de vivir e festexar a cotidianeidade coa danza e a música.

5.1 Propostas de sala

Domingo 15 de xuño 2008

20:00h

Teatro Principal de Pontevedra

Compañía: **DIEGO ANIDO**

Espectáculo: **CASCUDA**

Duración: 50 minutos

Ficha artística:

Autor coreografía, dramaturxia

e interpretación:

Diego Anido

Deseño de sonido:

Gonzalo Piña

Deseño de vestiario:

Silvia Delagneau

Deseño de luces:

Isabel Franco

Soporte de dirección:

Alex Serrano

Espazo escénico:

Silvia Delagneau

Produción:

Raquel Regueira

Asesoría teórica:

Roberto Fratinni e Victor Molina



Espectáculo coproducido polo IGAEM a través do Centro Dramático Galego, e coa colaboración de AREAtangent e a Cía. Raravis (Andrés Corchero-Rosa Muñoz).

Cascuda é unha peza de teatro físico que conxuga en equilibrio as linguaxes do teatro de texto, o clown, danza contemporánea ..., componendo unha dramaturxia baseada tanto no traballo de creación en sala de ensaio como na investigación proporcionada pola base teórica. Desta larva conceptual nace unha **cascuda** como pantasma que se manifesta procedente de lugares subterráneos, segredos e privados; e unha **cascuda** como bufón que ri da mirada humana e mesmo de ti.

Diego Anido Alonso (A Coruña, 76). Comeza a súa formación en Santiago de Compostela en Espazo Aberto, e colabora coa Sala Nasa en Ultranoites e Festas do Circo. Dende 2004 reside en Barcelona, onde forma parte da Agrupación Sr.Serrano e da compañía Raravis (Andrés Corchero-Rosa Muñoz). Tamén é “artista residente” da plataforma de creación Barcelonesa AREAtangent, coa que preparou El Alemán, outras pezas curtas, e onde comeza con Cascuda. Xunto ao seus primeiros espectáculos Paperboy e El Alemán, Diego Anido continúa con Cascuda un traballo de creación de personaxes e atmosferas baseado na difusa fronteira da cordura.

Luns 16 de xuño 2008

20:00h

Teatro Principal de Pontevedra

Compañía: **PISANDO OVOS**

Espectáculo: **30000**

Duración: 55 minutos

Ficha artística:

Autor coreografía: David Loira, Rut Balbís e Damián Muñoz

Intérpretes: Erick Jiménez e Rut Balbís

Música: Collage musical

Deseño de son e vestiario: Damián Muñoz

Deseño de luces: Afonso Castro



E ti, que farías con 30.000 euros?

Nós intentamos que nos cambiase o menos posible.

Pisando Ovos foi fundada por Rut Balbís e David Loira, ambos licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, á volta dos seus estudos na London Contemporary Dance School de Londres.

30000 é a súa terceira obra de longa duración. Está dirixida por Damián Muñoz e coproducida polo Centro Coreográfico Galego e a propia compañía.

Pazo da cultura

Compañía: **CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO**

Espectáculo: **KIOSCO DAS ALMAS PERDIDAS**

Duración: 75 minutos

Ficha artística:

Dirección:	Roberto Oliván
Asistente de dirección:	Erick Jiménez
Dramaturxia:	Roberto Magro 'Tober'
Espazo Sonoro:	Mercedes Peón
Iluminación:	Baltasar Patiño
Deseño de vestuario:	Ruth D. Pereira
Videoanimación:	Muriel Félix
Música en directo:	Mercedes Peón e Xosé Lois Romero
Intérpretes:	Ana Beatriz Pérez, Álvaro Esteban, Anna Calsina, Jordi Vilaseca, Ana Shakti, Kirenia Martínez, Gabriella Máthè, Nuria Sotelo, Lenka Bartunkova, Natxo Montero e Henrique Peón



Un espazo baleiro, énchese lentamente de soidades. Almas perdidas que se atopan para mirarse, escoitarse, confrontarse, sen querer xulgar, sen pretensións. O espectáculo é un himno á liberdade cantado por Mercedes Peón e dirixido por Roberto Oliván, que continúa a súa busca a través da danza como expresión dun sentimento profundo, libera cada forma e é capaz de fusionar diversos estilos.

O Centro Coreográfico Galego é un centro de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galicia. Un núcleo de diálogo e interacción cultural; un lugar que quere fomentar a interacción entre os artistas e o público achegando a arte á cidadanía dun xeito normalizado.

5.2 Propostas Illa de San Simón

Luns 16 e martes 17 de xuño de 2008

Capela da Illa de San Simón

Artista: **PARTO**

Instalación sonora: **AQUÓFONO**

Ficha artística:

Intérpretes, música, deseño de sonido, iluminación

e vestiario:

Parto e Aquófono

Parto son:

L.A.R. Legido e Patxi Valera



O Aquófono é un artefacto sonoro de nova creación, un instrumento de percusión con líquido cuxo funcionamento está baseado en auga e electricidade. A mestura entre a rítmica infinita de pingas e chorros de auga regulables e as posibles intervencións sobre a traxectoria do líquido levadas a cabo mediante o movemento do corpo e distintos obxectos, propicia a creación dunha enorme gama de fantasías sonoras únicas e irrepetibles. Esta instalación aberta e interactiva semella un laboratorio audiovisual de azar atendido, no que os visitantes poden xogar, intervir e relacionarse en presente continuo co espazo, o aire, a auga, a luz, a vídeo-proxección e o son do Aquófono.

Parto é un dúo de percusionistas improvisadores formado en maio do 99. Desde a súa participación no Festival Alternativa `03 na Sala NASA de Santiago de Compostela teñen feito presentacións do Aquófono en diversos formatos e espazos, entre eles a Casa das Campás de Pontevedra, a Vila das Artes de Rabat, o Teatro Valle-Inclán de Madrid, o MARCO de Vigo, La Casa Encendida de Madrid, o Castelo de San Filipe en Ferrol ou A Chocolataría de Santiago de Compostela, esta última dentro do programa do XI Festival Internacional de Danza “En Pé de Pedra”, en coprodución co bailarín

Daniel Abreu. Parto é tamén un dos motores máis activos no colectivo artístico TPS, responsable da programación mensual de música improvisada nas Sesións Vibracionais para a Sala NASA de Compostela e centro de reunión da O.m.e.ga. (Orquestra de Música Espontánea de Galicia), dirixida baixo condución xestual.

Luns 16 de xuño de 2008

15.30 a 16.30h

Illa de San Simón- Espazos exteriores en torno á capela

Compañía: **IVÁN MARCOS**

Espectáculo: **LÁZARO**

Duración: 15 minutos (aprox)

Ficha artística:

Dirección artística e coreografía:

Iván Marcos

Composición sonora:

Christian Wolz

Intérpretes:

Iván Marcos e Christian Wolz

Produción:

Xesús Martínez



Inspirado na poesía de Sylvia Plath e na historia da illa de San Simón, LÁZARO explora o conflito xurdido entre a nosa tendencia á contención e a marxinación, xa sexa para fomentar ou para destruír, ideas ou formas de existencia, e a natureza temporal das cousas.

IVÁN MARCOS Dende a diversidade formal e a busca continuada, dende unha mirada poética e paradóxica, trata de pulir os espellos e abrir as fiestras dunha casa en lapas. CHRISTIAN WOLZ combina novos estilos de canto e linguaxe con estruturas musicais medievais europeas e non europeas para acadar novas formas sonoras de carácter vangardista cun grande contido emocional.

Luns 16 de xuño de 2008

15.30 a 16.30h

Compañía: **JANET NOVÁS**

Espectáculo: **MARIETA**

Duración: 15 minutos

Ficha artística:

Autora da coreografía e interpretación: Janet Novás

Música: Alva Noto e Radiohead



“Todo se move.

Todo evoluciona, progresa.

Todo rebota e se reflicte.

Dun punto a outro, non hai liña recta.

Dun porto a outro, unha viaxe.

Todo se move, e eu tamén!”

Jacques Lecoq

Janet Novás Nace no Porriño(Pontevedra). Realiza estudos con distintos mestres de danza en importantes centros de Madrid. Traballou para a compañía Provisional Danza como bailarina e realizou a axudantía de dirección de “Te voy a hechar de menos” de Carmen Werner e Vicky Pérez. Actualmente traballa para a Cía. Daniel Abreu, ademais de seguir cos seus traballos: ”Parpadeo”, ”Marieta” e “Se va del aire”, co que foi galardoada no 21 Certame Coreográfico de Madrid co 2º premio onde conseguiu unha bolsa para o Impulstanz de Viena.

Luns 16 de xuño de 2008

15.30 a 16.30h

Compañía: **COMPAÑÍA ENTREMANS**

Espectáculo: **VEN**

Duración: 15 minutos

Ficha artística:

Autores da coreografía e intérpretes: Alexis Fernández e
Caterina Varela

Música: Collage musical

Deseño de son e vestuario: Entremans



*Ven,
ven aquí,
Non,
ven ti*

Alexis Fernández, Cuba (1975) e Caterina Varela, A Coruña (1983), coñécense en 2004; e en 2006 nace a Compañía Entremáns, da que forman parte, xunto con outros/as creadores. A compañía mostrou o seu traballo en diferentes cidades de Suecia, Bélxica, Cuba e España. Esta última peza “Ven” estreouse dentro do marco do XIII Festival Internacional de Danza da Habana (Cuba) no pasado mes de marzo 2008.

Martes 17 de xuño de 2008

15.30 a 16.30h

Illa de San Simon - capela

Compañía: **MERCÉ DE RANDE**

Espectáculo: **HANA BI** (Flores de Lume)

Duración: 25 minutos (aprox)

Ficha artística:

Autor, compositor, intérprete e vídeo creación: Mercé de Rande

Música: Xurxo Piñeiro

Deseño de son: Xurxo Piñeiro e Mercé de Rande

Deseño de vestiario: Karin Müller, La Belle

Deseño de luces: Fidel Vázquez



A vida é unha contradición que diariamente se propón e se resolve... Dende a contradición cun mesmo até a contradición da creación artística. É un espectáculo de danza contemporánea, unha performance ou teatro físico? Un espectáculo vivo que vai gañando capas e estratos, facendo da representación parte do proceso de creación. Busco a verticalidade dende a escuridade, o simple feito de estar de pé e camiñar é xa unha contradición.

Formación diversa, internacional e multidisciplinar ; Teatro de la danza (Madrid), Forum-dança (Lisboa), CDC (Toulouse), CCNM (Montpellier), estuda técnica da danza contemporánea e creación (teatro, voz, vídeo, instalación sonora...) Destacan dos seus mestres : Vera Mantero, Nigel Charnok, Mathilde Monnier ou Thierry Bâe. En 2006 entra na compañía "Incidents Mémorables", París, especializada na aplicación das novas tecnoloxías á escena. En 2007 crea a súa compañía "Á Mercé das CirKunsTanzias" en Galicia.

Martes 17 de xuño de 2008

15.30 a 16.30h

Illa de San Simón - Espazos exteriores arredor da capela

Compañía: **PLAY& REWIND**

Espectáculo: **PLAY**

Duración: 30 minutos (aprox.)

Ficha artística:

Dirección e intérpretes: Borja Fernández e Uxía P. Vaello

Asistencia á creación: Catarina Camara e Antón

Coucheiro “Cou”

Deseño de luces: Afonso Castro

Música e deseño de son: Borja Fernández, Es un Árbol

Deseño de vestiario: Uxía P. Vaello e Clotilde Vaello



Apoio do Centro Coreografico Galego, Centro Cultural de Belém e Capa/DEVIR (Faro/ Portugal)

Na busca da perfección, por qué ensaiar sobre nós cando podemos experimentar nos outros? Así pensarían Yehudi, Gepetto ou Frankenstein e os autores de criaturas como Edward Scissors-hands ou a clonada ovella Dolly... Xogos coa realidade, intentos de fusión do humano co obxecto ou co divino, viaxes no tempo, *loops*, *rewinds*, viaxes ao deserto: xogos onde se cruzan personaxes manipuladas e manipuladoras, sempre tentando modificar ao outro, do inerte ao vivo, do vivo ao humano, do simplemente humano ao emotivo...

Play&Rewind é unha compañía recentemente creada, integrada por Borja Fernández, intérprete multidisciplinar autodidacta cofundador da compañía de novo circo Pistacatro e integrante do grupo de rock experimental Es un Árbol, e Uxía P. Vaello, bailarina formada na Escola Superior de Danza de Lisboa con profesionais como Rui Horta, Guillermo Weickert, Francisco Camacho, Amélia Bentes, etc. Actualmente os dous desenvolven os seus propios traballos de creación e interpretación en paralelo a Play&Rewind.

Martes 17 de xuño de 2008

18:30 a 21:00h

Exteriores da Illa de San Simón

Compañía: ANUSKA ALONSO MONTERO

Espectáculo: 5:00 A.M.

Duración: 12 minutos (aprox.)

Ficha artística:

Autora coreografía e interpretación: Anuska Alonso

Vestuario: Anuska Alonso



“Falar por non estar calado... moverse por non estar parado... separar de forma consciente o recordo dun intre... o detalle, illado do conxunto, transfórmase ata converterse nun lugar que non se pode pasar senón saltando habitual ou momentaneamente.”

Anuska Alonso nace en Vigo (Pontevedra), lugar no que comeza os seus estudos de danza clásica que máis tarde remata en Madrid. Unha vez aquí, compaxínaos con diversos estudos de contemporáneo que posteriormente amplía noutros centros nacionais.

Na actualidade traballa como intérprete para Daniel Abreu nas pezas “Ojos de pez”, “En la espalda”, “Por el camino verde” e “Negro”. Ao mesmo tempo cursa os Estudios Superiores de Danza no Conservatorio Superior María de Ávila.